



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|------------------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2022/23 |
| Asignatura (*) | Bases para a interpretación do coñecemento científico | Código | 750G01008 | |
| Titulación | Grao en Enfermaría | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Ciencias da Saúde | | | |
| Coordinación | Freijomil Vázquez, Carla | Correo electrónico | carla.freijomil@udc.es | |
| Profesorado | Freijomil Vázquez, Carla | Correo electrónico | carla.freijomil@udc.es | |
| | Pértega Díaz, Sonia | | s.pertega@udc.es | |
| | Seoane Pillado, María Teresa | | maria.teresa.seoane.pillado@udc.es | |
| Web | campusvirtual.udc.gal/ | | | |
| Descrición xeral | A materia Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico establece os elementos metodolóxicos, cuantitativos e cualitativos, que necesita o/a estudante para ser consumidor crítico da información científica da súa disciplina no ámbito das Ciencias da Saude | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|---|
| Código | Competencias do título |
| A18 | Comprender a metodoloxía de investigación cualitativa en saúde. |
| A19 | Comprender a metodoloxía de investigación cuantitativa en saúde. |
| A20 | Comprender os métodos estatísticos frecuentes en estudos do área de ciencias da saúde. |
| B1 | Aprender a aprender. |
| B3 | Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo. |
| B8 | Capacidade de análise e sínteses. |
| B11 | Capacidade e habilidade de xestión da información. |
| B21 | Implicación na calidade e busca/procura da excelencia. |
| B23 | Habilidade para traballar nun contexto internacional. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |
| C11 | CB3 Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| C13 | CB5 Que os estudantes desenvolveran aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores con un alto grao de autonomía |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---------------------------|--|------------|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias do título | | |
| | Identificar e describir as características metodolóxicas da investigación cuantitativa | A19 A20 | B1 B3 B8 B11 B21 B23 |



| | | | |
|---|------------|-------------------------------------|------------------------------|
| Descibir e utilizar os métodos estadísticos frecuentes nos estudos da área de ciencias da saúde | A19 A20 | B1 B3 B8 B11 B21 B23 | C6 C7 C8 C11 C13 |
| Comprender os elementos necesarios para a execución dun estudo clínico- epidemiolóxico. | A19 A20 | B1 B3 B8 B11 B21 B23 | C6 C7 C8 C11 C13 |
| Identificar e describir os principais fundamentos teóricos da investigación cualitativa | A18 | B1 B3 B8 B11 B21 | C6 C7 C8 C11 |
| Identificar e describir as características metodolóxicas da investigación cualitativa | A18 | B1 B3 B8 B11 B21 | C6 C7 C8 C11 |
| Descibir os métodos e as técnicas para a obtención e análise de datos cualitativos | A18 | B1 B3 B8 B11 B21 | C6 C7 C8 C11 C13 |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| UNIDAD DIDACTICA I.METODOLOXIA DA INVESTIGACIÓN CUALITATIVA | 1.1.- A investigación cualitativa no contexto da saúde. 1.2.- Características da investigación cualitativa. Complementariedad investigación cuantitativa e investigación cualitativa. 1.3.- Deseño da investigación cualitativa. Investigación como proceso circular. Pregunta de investigación. 1.4.- Unidade de análise e selección de participantes en investigación cualitativa. Estratexias de muestreo. 1.5.- Obtención de datos: Datos verbais: entrevista, narracións, grupo discusión, etc. Datos visuais: observación, etnografía, fotografía, vídeo, etc. 1.6.- Análise de datos: Documentación dos datos. Notas de campo. Diario de investigación. Transcripción. Preparación dos datos para súa análise. Codificación e categorización Rigor na investigación cualitativa. Plausibilización selectiva. Fiabilidade e validez. Triangulación. Inducción analítica. |



| | |
|---|---|
| <p>UNIDAD DIDACTICA II. METODOLOXIA DE INVESTIGACIÓN CUANTITATIVA: BIOESTADISTICA</p> | <p>3.1. Software bioestatístico 3.2. Concepto de estatística. Variables 3.3. Análise descritivo dos datos e representación gráfica das variables 3.4. Cálculo de probabilidades: A distribución normal. Características e aplicacións 3.5. Estatística inferencial. Concepto de significación estatística Análise bivariada Análise multivariada 3.6. Presentación de resultados e a súa interpretación</p> |
| <p>UNIDAD DIDACTICA III. METODOLOXIA DE INVESTIGACIÓN CUANTITATIVA: EPIDEMIOLOXÍA</p> | <p>2.1. Estrutura e planificación dun proxecto de investigación 2.2. Mostraxe. Tipos de mostraxe. Cálculo do tamaño da mostra 2.3. Tipos de estudos epidemiolóxicos 2.4. Medidas de frecuencia da enfermidade 2.5. Medidas de asociación. Medidas de impacto 2.6. A decisión clínica. Significación estatística vs relevancia clínica 2.7. Concordancia diagnóstica. Índice Kappa 2.8. Validez e precisión dos estudos epidemiolóxicos</p> |

| Planificación | | | | |
|------------------------|--|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Lecturas | A18 A19 A20 B1 B3 B8 B11 B23 C6 C8 C11 C13 | 0 | 12 | 12 |
| Sesión maxistral | A18 A19 A20 B1 B3 B8 B11 C8 C11 C13 | 21 | 20 | 41 |
| Solución de problemas | A19 A20 B8 C7 C11 C13 | 14 | 30 | 44 |
| Traballos tutelados | A18 B3 B8 B21 C13 | 7 | 27 | 34 |
| Proba mixta | A18 A19 A20 B3 B8 B11 C6 C11 | 0 | 18 | 18 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Lecturas | <p>Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.</p> <p>Os estudantes de modo individual realizarán lecturas de artigos de investigación cualitativa.</p> <p>O resto das lecturas encontrase na web http://www.fisterra.com/mbe/investiga/index.asp</p> |
| Sesión maxistral | <p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p> <p>Os contidos teóricos básicos impártense en sesións maxistrais, pero con un enfoque participativo.</p> <p>A información dispoñible en Moodle será unha versión simplificada dos contidos teóricos.</p> |



| | |
|-----------------------|---|
| Solución de problemas | <p>Técnica mediante a que se ten que resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución.</p> <p>Grazas a esta metodoloxía o estudante aplicará e poñerán en práctica os coñecementos adquiridos, facilitando a aprendizaxe e o desenvolvemento de habilidades por parte do alumnado.</p> |
| Traballos tutelados | <p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos/as estudantes, baixo a tutela das profesoras e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do "cómo facer as cousas?". Constitúe unha opción baseada na asunción polos/as estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos/as estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor/a-titor/a.</p> |
| Proba mixta | <p>Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.</p> <p>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.</p> |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|---|
| Traballos tutelados | A atención personalizada farase, globalmente, mediante titorías virtuais, individuais e grupais. Utilizarase a mesma metodoloxía para o alumnado a tempo parcial ou dispensa académica de asistencia. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
|-----------------------|---------------------------------|---|---------------|
| Solución de problemas | A19 A20 B8 C7 C11 C13 | <p>Esta actividade corresponde á parte da materia de investigación cuantitativa (4 ECTS). Se realizarán probas de avaliación e boletíns de exercicios prácticos que deben resolver de xeito individual mediante a aplicación dos coñecementos traballados, valorándose con 5 puntos sobre 10 (nota máxima final da materia= 3.5 puntos). Valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A entrega da totalidade dos traballos propostos - A adecuación das respostas proporcionadas - A presentación e a claridade na descrición dos resultados - A utilización das ferramentas informáticas e os recursos web axeitados para a resolución do problema <p>No caso de detectar traballos ou respostas as preguntas coincidentes doutros ou coincidentes entre eles non se puntuarán.</p> | 35 |
| Proba mixta | A18 A19 A20 B3 B8 B11 C6 C11 | <p>Na parte correspondente á materia de investigación cuantitativa (4 ECTS) realizarase unha proba escrita que se valorará con 5 puntos sobre 10 (nota final máxima da materia 3.5 puntos) que poderá incluír preguntas de resposta múltiple y/o resposta breve y/o resolución de exercicios de análise estatística de datos e interpretación de resultados, sobre os contidos desenvolvidos na materia</p> <p>Na parte correspondente á materia de investigación cualitativa (2 ECTS) realizarase unha proba final que terá unha puntuación máxima de 7 puntos sobre 10 puntos (nota final máxima da materia 2.1 puntos). Será necesario acadar unha calificación mínima de 3.5 puntos (sobre 7) na proba final para poder superar a materia.</p> | 56 |



| | | | |
|---------------------|-------------------|---|---|
| Traballos tutelados | A18 B3 B8 B21 C13 | Esta actividade corresponde á parte da materia de investigación cualitativa (2 ECTS) e a súa realización será de carácter obrigatorio. Consiste en realizar en grupos de 5 estudantes unha búsqueda de 2 artigos, un en castelán e outro en inglés, de investigación cualitativa, coa finalidade de levar a cabo unha análise metodolóxico dos artigos e unha posterior presentación na aula. Esta actividade terá unha puntuación máxima de 3 puntos sobre 10 puntos (nota final máxima da materia 0.9 puntos). Será necesario acadar unha calificación mínima de 1.5 puntos (sobre 3) na actividade para poder superar a materia. | 9 |
|---------------------|-------------------|---|---|

Observacións avaliación



NOTA IMPORTANTE:

A materia Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico consta de 2 bloques:

METODOLOXÍA CUANTITATIVA (4 ECTS) 70% da nota final, Prof. Dra. Teresa Seoane Pillado e Prof. Dra. Sonia Pértega Díaz. **METODOLOXÍA CUALITATIVA** (2 ECTS) 30% da nota final, Prof. Dra. Carla Freijomil Vázquez (Coordinadora da materia). Para aprobar a materia é necesario superar cada unha das 2 partes individualmente. A nota final calcularase en función ao peso en créditos ECTS de cada unha das partes.

No caso de que non se supere unha das dúas partes da materia, a nota que figurará será a calificación obtida tras a ponderación de cada parte si é inferior a 5, noutro caso a nota será un 4,5. Na 2ª oportunidade manterase aprobada a parte que se teña superada na 1ª oportunidade dentro da mesma convocatoria.

1ª MATRÍCULA (PRIMEIRA Y SEGUNDA OPORTUNIDADE):

Metodoloxía cuantitativa: a puntuación mínima para superar este módulo será de 5 puntos. A metodoloxía de avaliación descrita é obrigatoria para os/as alumnos/as de matrícula ordinaria en primeira oportunidade y outras.

Outros aspectos e criterios que poderán terse en consideración na avaliación das actividades que se realizarán entorno a dita metodoloxía son: asistencia, participación e compromiso individual e grupal, coherencia dos contenidos abordados, coñecementos demostrados nas probas e exames teóricos e prácticos e competencias referidas para esta asignatura.

Metodoloxía cualitativa: na primeira oportunidade, o alumnado de primeira matrícula deberá realizar o traballo tutelado e a proba final. Para superar esta parte da materia terá que aprobar o traballo tutelado e a proba final de forma independente. Na segunda oportunidade, ao alumnado de primeira matrícula que superase o traballo tutelado na primeira oportunidade, se lle manterá a nota do mesmo e poderá presentarse á proba final, na que deberá acadar unha calificación mínima de 5 puntos para superar esta parte da materia. Na segunda oportunidade, o alumnado de primeira matrícula que non superase o traballo tutelado na primeira oportunidade, poderá presentarse a unha proba final na que terá que obter unha calificación mínima de 5 puntos.

2ª MATRÍCULA E POSTERIORES. MATRÍCULA PARCIAL E DISPENSA ACADÉMICA DE ASISTENCIA:

Os/as estudantes poderán solicitar dispensa académica.

Os/as estudantes de matrícula parcial deberán poñerse en contacto coas profesoras ao inicio do curso.

Metodoloxía cuantitativa: o alumnado en 2ª matrícula ou posteriores, así como aquel con matrícula parcial ou dispensa académica, poderá acollerse ao sistema de avaliación establecido para primeira matrícula. De non facelo, poderá superar a materia na oportunidade de xullo (2ª oportunidade) exclusivamente, mediante a avaliación do examen. Para iso, multiplicarase a nota do exame final por un factor corrector de 0,8 e o resultado será a calificación obtenida. O/a alumno/a deberá comunicar as docente da materia que opta por esta opción de avaliación antes da oportunidade de xullo.

Metodoloxía cualitativa: o alumnado en 2ª matrícula ou posteriores, así como aquel con matrícula parcial ou dispensa académica, poderá acollerse a unha das seguintes opcións de avaliación: 1) Realizar o traballo tutelado e a proba final, tendo que superar ambas actividades de forma independente, ou 2) Presentarse a unha proba obxectiva na que deberá acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para superar a materia.

OPORTUNIDADE ADELANTADA:

Metodoloxía cuantitativa: os/as alumnos/as deberán examinarse por escrito a través dun único exame que se corresponderá coas datas oficiais aprobadas na Xunta de Facultade, a puntuación mínima para superar este módulo será de 5 puntos.

Metodoloxía cualitativa: a avaliación consistirá nunha proba obxectiva sendo necesario acadar 5 puntos para superar a materia.

MATRICULA DE HONRA:

Se outorgará ás puntuacións máis elevadas superiores a 9 obtidas unha vez ponderadas e sumadas as dúas partes da materia. As docentes da materia poderán considerar criterios adicionais en caso de igualdade de condicións e habendo máis aspirantes que matrículas. Os/as aspirantes poderán ser convocados/as a unha prueba voluntaria obxectiva para asignar as matrículas de honra ás mellores calificacións.

NON PRESENTADO:

A calificación de Non Presentado corresponderá ao/á estudante que non realizase a proba mixta na parte de investigación cuantitativa e/ou que non realizase a proba final na parte de investigación cualitativa.

FRAUDE:

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación continua, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso "0" en dita proba ou actividade na oportunidade correspondente, invalidando a súa cualificación tamén para oportunidades sucesivas.



| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Moral Santaella C (2006). Criterios de Validez en la investigación cualitativa. Revista de Investigación Educativa,24,147-164 - Flick U (2004). Introducción a la investigación cualitativa. Madrid. Morata - Taylor S; Bogdan R (1992). Introducción a los métodos cualitativos de investigación. Barcelona. Paidós - Pérez Serrano G (2001). Investigación cualitativa. Retos e interrogantes. Madrid. La Muralla - Maykut P; Morehouse R (1999). Investigación Cualitativa. Una guía práctica y filosófica. Barcelona. Hurtado - Hernandez Sampieri R; Fernández-Collado C; Baptista Lucio P (2006). Metodología de la Investigación. Mexico. McGraw Hill - Rodriguez Gomez G; Gil Flores J; García Jiménez E (1999). Metodología de la Investigación Cualitativa. Málaga. Aljige - Streubert Helen J.; Rinaldi Carpenter D (2011). Investigaçao qualitativa em enfermagem. Portugal, Lusodidactica - Holloway I; Wheeler S (2010). Qualitative Research in Nursing and Healthcare. United Kingdom, Wiley-Blackwell - Latimer, J (Editor) (2003). Advanced Qualitative Research for Nursing. Oxford, Blackwell Publising - Arantzamendi M; López-Dicastillo O; Viivar C (2012). Investigación cualitativa. Manual para principiantes.. Ediciones Eunate - Ruiz Olabuénaga JI (2012). Teoría y práctica de la investigación cualitativa. Deusto - Martín, A. A. y Luna, J. C. (1999). Bioestadística para las Ciencias de la Salud. Ediciones Norma - Cobo, E., Muñoz, P. y González, J.A. (2007). Bioestadística para no estadísticos. Barcelona. Elsevier Masson - Hulley, S.B., Cummings, S.M., Browner, W.S., Grady, D.G. y Newman, T.B. (2007). Diseño de investigaciones clínicas. Barcelona. Wolters Kluwer-Lippincott Williams & Wilkins - Milton, J. S. (2001). Estadística para Biología y Ciencias de la Salud. McGraw-Hill - Cao, R., Labora, A., Naya, S. e Ríos, M. (2001). Métodos estadísticos e numéricos. A Coruña. Baia Edicións - Altman DG (2018). Practical Statistics for Medical Research. CHAPMAN&HALL - Coggon D, Rose G, Barker DJP (2003). Epidemiology for the uninitiated. BMJ group - http://www.fisterra.com/mbe/investiga/index.asp (). . |
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none"> - Villareal Reyna MA; Salazar González BC (2006). La Teoría Crítica y su contribución al desarrollo del conocimiento en Enfermería. Desarrollo Científico de Enfermería, 14, 339-341 |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Sistemas da información e comunicación en ciencias da saúde/750G01004

Materias que continúan o temario



Farmacoloxía/750G01011

Situacións de risco para a saúde e radioloxía/750G01013

Enfermaría Comunitaria I/750G01014

Enfermaría da Saúde Mental/750G01015

Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/750G01016

Enfermaría clínica III/750G01017

Enfermaría materno-infantil/750G01018

Enfermaría Comunitaria II/750G01019

Enfermaría Xerontolóxica/750G01020

Xestión dos servizos da Enfermaría/750G01021

Enfermaría Laboral/750G01022

Métodos e ferramentas avanzadas en investigación cualitativa/750G01023

Farmacoterapia/750G01024

Estancias Clínicas I/750G01025

Estancias Clínicas II/750G01026

Estadías Clínicas III/750G01027

Estancias Clínicas IV/750G01028

Estancias Clínicas V/750G01029

Estancias Clínicas VI/750G01030

Estancias Clínicas VII/750G01031

Traballo fin de grao/750G01033

Enfermaría Clínica I/750G01034

Enfermaría Clínica II/750G01035

Observacións



MATERIAS QUE SE RECOMENDA HABER CURSADO PREVIAMENTE: Neste apartado non seleccionamos ninguna materia xa que Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico atópase no 2º cuatrimestre de 1º curso. **MATERIAS QUE CONTINÚAN O TEMARIO:** A materia Bases para a Interpretación do Coñecemento Científico establece os elementos metodolóxicos, cuantitativos e cualitativos, que necesita o/a estudante para ser consumidor crítico da información científica da súa disciplina.

E por isto que en todas as materias posteriores dos cursos 2º, 3º e 4º do Grao de Enfermería os/as estudantes, de modo transversal, terán que facer uso das competencias adquiridas nesta materia. Será unha necesidade, nas devanditas materias, profundizar dende un enfoque práctico e clínico na capacidade do/a estudante para consumir información científica, realizar unha análise crítica da mesma, aplicala no contexto de cada materia e nos casos que o precisen tomar decisións clínicas.

ADAPTACIÓN DE PRESENCIALIDADE Á SITUACIÓN EPIDEMIOLÓXICA: Se seguirán as recomendacións establecidas pola Universidade da Coruña relativas ás medidas de prevención e hixiene. **OBXECTIVOS DE DESENROLO SOSTIBLE:** Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: "Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social" do "Plan de Acción Green Campus Ferrol": A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos, no caso de se realizar en papel: non se empregarán plásticos, realizaranse impresións a dobre cara, empregarase papel reciclado e evitarase a impresión de borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural tendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade, no caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero tomaranse medidas para corrixilas. **IGUALDADE E NON DISCRIMINACIÓN:** Atendendo ás distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia terase en conta a perspectiva de xénero velando pola non utilización dunha linguaxe sexista na aula, nos documentos desenvolvidos na materia e nas actividades docentes realizadas co alumnado. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas dentro da aula, influíndo na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Prestarase especial atención en detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corraxilas. **PLAXIO:** Na realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso (0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías